

RESOLUCIÓN DE CONVOCATORIA OFICIAL DE ELECCIÓN 2026 FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN

Data: 08 de abril de 2026

Bruno López Molina, en calidade de presidente da Federación Galega de Balonmán,

EXPÓN

Que de conformidade co Decreto 16/2018, do 15 de febreiro, pola Lei 3/2012 do deporte de Galicia, cos Estatutos e co Regulamento Electoral da Federación Galega de Balonmán, procede a convocatoria de eleccións aos órganos de goberno e representación.

RESOLVE

Primeiro.— Convocar eleccións á Asemblea Xeral e á Presidencia da Federación Galega de Balonmán.

Segundo.— Publicar simultaneamente: o censo electoral provisional, o calendario electoral e o regulamento electoral.

Terceiro.— O proceso electoral desenvolverase conforme ao calendario aprobado pola Asemblea Xeral e validado e corrixido pola Secretaría Xeral para o Deporte, respectando en todo caso os prazos mínimos establecidos no Decreto 16/2018.

Cuarto.— O voto por correo exercerase conforme ao artigo 44 do Decreto 16/2018, podendo solicitarse desde o día seguinte á convocatoria ata cinco días hábiles posteriores ao censo definitivo, e emitirse ata o sexto día hábil previo á votación.

Quinto.— A Xunta Electoral será o órgano competente para garantir a legalidade do proceso, resolver reclamacións e supervisar todas as actuacións a través do enderezo electrónico: xuntaelectoral@fgbalonman.com

Sexto.— A presente resolución será publicada nos medios oficiais da Federación e producirá efectos desde o momento da súa publicación.

En Vigo, a 08 de abril de 2026
O Presidente
Federación Galega de Balonmán

